



Concello de Burela

DECRETO ALCALDÍA Nº 554/2010

Visto o expediente tramitado ao efecto para a contratación, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación, do servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais do Concello de Burela.

Detectado un erro na cláusula décima dos Pregos de cláusulas administrativas e particulares, de tal xeito que onde di “ *...aplicarase a máxima puntuación á maior baixa que se produza, sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional á respectiva baixa realizada, de acordo coa seguinte fórmula (A/Bx40) sendo A: a oferta económica de cada un dos licitadores e B: a oferta económica do licitador que realice a maior baixa*” deberá dicir “ *...aplicarase a máxima puntuación á maior baixa que se produza, sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional á respectiva baixa realizada*”.

Visto o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común que establece que as Administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e demais disposicións legais aplicables.

Pola presente, **RESOLVO**

PRIMEIRO: Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, a cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativas e particulares, de tal xeito que onde di “ *...aplicarase a máxima puntuación á maior baixa que se produza, sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional á respectiva baixa realizada, de acordo coa seguinte fórmula (A/Bx40) sendo A: a oferta económica de cada un dos licitadores e B: a oferta económica do licitador que realice a maior baixa*” deberá dicir “ *...aplicarase á máxima puntuación á maior baixa que se produza, sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional á respectiva baixa realizada*”.

SEGUNDO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Perfil do Contratante anuncio da presente corrección de erros.

Burela, 22 de xullo de 2010

